

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16675 *Lei 10/2018, do 5 de decembro, sobre a transferencia de recursos de 19,99 hm³ desde a demarcación hidrográfica dos ríos Tinto, Odiel e Piedras á demarcación hidrográfica do Guadalquivir.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O artigo 45.2 da Constitución española establece entre os seus principios reitores da política social e económica a utilización racional de todos os recursos naturais para a defensa do ambiente e apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

As transferencias de recursos hídricos entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos de bacía previstas no título I, capítulo III, da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, configúranse na dita norma como un importante instrumento vertebrador do territorio e a solución última e máis comprometida para evitar que zonas con déficits estruturais de recursos hídricos se vexan estranguladas e ameazados o seu desenvolvemento socioeconómico e o seu interese ambiental pola incerteza da subministración de auga, garantindo que as bacías cedentes non vexan hipotecado o seu como consecuencia daquel.

A Lei do Plan hidrolóxico nacional somete a realización das transferencias a importantes cautelas ambientais e socioeconómicas destinadas a garantir que en ningún caso o desenvolvemento futuro da bacía cedente poida verse comprometido pola transferencia, para o cal se deberá asegurar previamente á súa realización a subministración dos aproveitamentos presentes e as reservas para usos futuros na bacía cedente, así como a obrigada circulación do caudal ambiental augas abaixo da toma de derivación e o mantemento dos ecosistemas asociados.

II

Esta lei fundaméntase nas necesidades de recursos hídricos na zona suroriental da provincia de Huelva, na comarca de El Condado, que se encontra na demarcación hidrográfica do Guadalquivir e no ámbito de influencia do espazo natural protexido de Doñana, co obxectivo ambiental de preservar o equilibrio do acuífero Masub 05-51 Almonte-Marismas e dos ecosistemas asociados.

O 15 de febreiro de 2008, o Consello de Ministros autorizou unha transferencia de 4,99 hm³ de auga desde a, daquela, bacía atlántica andaluza e cuxa orixe pertence á actual demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras, á demarcación hidrográfica do Guadalquivir, segundo o previsto no artigo 14.b) da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, que establece a posibilidade de que o Consello de Ministros autorice transferencias de pequena contía entre diferentes ámbitos de planificación e cuxo volume anual estea comprendido entre un e cinco hm³. No citado acordo de Consello de Ministros indicábase que a achega de 4,99 hm³ pretendía contribuir a asegurar o abastecemento das poboacións da Mancomunidade dos Municipios de El Condado de Huelva, cuxa subministración a partir do encoro de El Corumbel contaba con escasa garantía, e tamén

se indicaba que este volume adicional permitiría a recuperación dos acuíferos da zona, contribuíndo así ao equilibrio hídrico do contorno do Parque Nacional de Doñana. Posteriormente, este acordo foi desenvolvido mediante o Acordo de Consello de Ministros do 22 de maio de 2015 polo que se determinan as condicións de xestión ás cales se suxeitará a transferencia anual de 4,99 hm³ de recursos hídricos desde a demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras á demarcación hidrográfica do Guadalquivir, autorizada polo Acordo de Consello de Ministros do 15 de febreiro de 2008, e se prevé a creación dunha comisión de xestión técnica.

Tras a aprobación do Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras, a transferencia de 4,99 hm³/ano conta con recursos asignados con carácter permanente e así se recolle no anexo 5.6 da normativa. Do mesmo modo, o artigo 12 e o anexo 7 do contido normativo do plan reservan a favor do organismo de bacía 15 hm³/ano, dentro do sistema de explotación Huelva, para posibles déficits estruturais en zonas cun alto interese socioeconómico e ambiental, especialmente no contorno de Doñana.

Pola súa parte, o artigo 19 do Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, recolle que para satisfacer as demandas actuais e futuras, de conformidade co artigo 14.1 do Regulamento da planificación hidrolóxica, o plan hidrolóxico mantén a proposta de incluír no Plan hidrolóxico nacional a transferencia de ata 15 hm³ anuais de novos recursos superficiais procedentes doutras bacías hidrográficas. Este volume resérvase para substituír extraccións de auga subterránea no contorno de Doñana.

Tendo en conta que esta lei de transvasamento debe recoller nun só corpo normativo a regulación das transferencias autorizadas entre a demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras e a demarcación hidrográfica do Guadalquivir, o volume total da transferencia débese establecer no límite de 19,99 hm³/ano, integrando nun mesmo texto a autorización de transferencia aprobada polo Acordo do Consello de Ministros, do 15 de febreiro de 2008, de 4,99 hm³ e as novas necesidades para atender o déficit estrutural de recursos hídricos superficiais da comarca de Doñana.

O Plan hidrolóxico do Tinto, Odiel e Piedras prevé un maior recurso dispoñible no ano 2027, tras a finalización de novas obras de regulación como Alcolea e Coronada e da ampliación de recursos asignados desde outros ámbitos de planificación. Con isto garántanse os crecementos nas demandas de regadío dentro da demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras (TOP) e mantense a reserva anteriormente mencionada. A execución destas infraestruturas será a que fará posible o cumprimento da «garantía das demandas actuais e futuras de todos os usos e aproveitamentos da bacía cedente, incluídas as restricións ambientais» (artigo 12.2 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional).

III

Considerando este marco normativo, existen poderosos motivos de interese xeral que fan precisa a autorización dunha transferencia de ata 19,99 hm³ de augas superficiais desde a bacía hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras á bacía hidrográfica do Guadalquivir. A achega de 19,99 hm³ contribúe a asegurar o abastecemento das poboacións de El Condado de Huelva na comarca de Doñana, cuxa subministración a partir do encoro de El Corumbel conta con escasa garantía ou subministranse desde o acuífero Masub Almonte-Marismas.

A estas carencias relacionadas co abastecemento de municipios débense engadir as que se suscitan como consecuencia da necesidade da substitución, nas zonas agrícolas de regadíos de El Condado de Huelva incluídas no ámbito da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, do uso de augas subterráneas do acuífero Almonte-Marismas por augas superficiais que axuden a mellorar os balances de auga no contorno de Doñana de forma que limite a explotación do acuífero e contribúa á súa recarga, en sintonía cun desenvolvemento sustentable da actividade agraria na comarca para conseguir o equilibrio hídrico do contorno do Parque Nacional de Doñana.

Neste sentido, a Xunta de Andalucía, mediante o Decreto 178/2014, do 16 de decembro, aprobou definitivamente o Plan especial de ordenación das zonas de regadío situadas ao norte da coroa forestal de Doñana nos termos municipais de Almonte, Bonares, Lucena del Puerto, Moguer e Rociana del Condado (Huelva), que considera a necesidade de mellorar o control das extraccións de auga do acuífero e a súa distribución racional, a protección de valores naturais, ambientais e socioeconómicos e ordena o espazo agrícola.

Finalmente, dados os volumes obxecto da transferencia, procede e considérase precisa a promulgación dunha lei que regule as condicións e os límites da derivación de caudais entre ámbitos territoriais de distintos plans hidrolóxicos.

Esta lei de transferencia modifica a Lei do Plan hidrolóxico nacional e recolle, como de interese xeral do Estado, as obras de infraestruturas necesarias para o transporte desta auga ata a bacía receptora e o cumprimento do disposto nos artigos 15 e 20 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, determinando as condicións ambientais, de execución e explotación das obras ligadas ás transferencias.

A lei estrutúrase en catro artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.

Artigo 1. *Obxecto e condicións xerais da transferencia.*

1. Autorízase a transferencia ata dun total de 19,99 hm³ anuais de augas superficiais desde a demarcación do Tinto, Odiel e Piedras á demarcación do Guadalquivir, co fin de contribuír a garantir o abastecemento dos municipios de El Condado de Huelva, mellorar a garantía da rega, a recuperación dos acuíferos da zona e o equilibrio hídrico do contorno e, especialmente, do Parque Nacional de Doñana.

2. Esta transferencia suxeitarase ás seguintes condicións:

a) O volume anual transferido non poderá ser superior a 19,99 hm³.

b) O volume de transferencia que se autorice cada ano entenderase como máximo anual medido nos puntos de toma da bacía cedente, situados no encoro de El Corumbel e na impulsión desde o anel hídrico de Huelva, sen prexuízo de que se poidan establecer puntualmente, cando a situación o requira, outros puntos de toma que poidan resultar fisicamente factibles desde o sistema Huelva, nos cales será preciso establecer o adecuado control que garanta que non se supera o volume máximo autorizado.

c) Tendo en conta as exigencias para a protección e conservación do recurso e o seu contorno, con carácter xeral, e respectando o uso prioritario do abastecemento, a orde de preferencia entre os diferentes usos da auga será a prevista no artigo 60.3 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, para o cal se terán en conta a clasificación e as categorías recollidas no artigo 49 bis do Regulamento do dominio público hidráulico. O volume anual con destino ao abastecemento dos municipios da Mancomunidade de El Condado situados no ámbito territorial da demarcación hidrográfica do Guadalquivir calcúlase en tres hm³; non obstante, cando resulte preciso, esta cifra poderase elevar, sempre por debaixo do volume total máximo autorizable, para atender as ditas necesidades de acordo co principio que consagra a Lei de augas de prioridade do abastecemento sobre o resto de usos. Os posibles volumes transferidos non poderán ser utilizados para novos desenvolvementos urbanísticos, senón que virán garantir en todo momento o abastecemento do xa regulado e establecido legalmente.

d) Poderase autorizar a transferencia de recursos hídricos con destino ás explotacións de regadío autorizadas na demarcación hidrográfica do Guadalquivir, en cumprimento do disposto no Plan especial de ordenación das zonas de regadío situadas ao norte da coroa forestal de Doñana, aprobado polo Decreto 178/2014, do 16 de decembro, polo cal se aproba definitivamente o Plan especial de ordenación das zonas de regadío situadas ao norte da coroa forestal de Doñana nos termos municipais de Almonte, Bonares, Lucena del Puerto, Moguer e Rociana del Condado (Huelva) e o programa de medidas complementarias ao dito plan, co obxecto de substituír augas subterráneas da Masub 05-51 Almonte-Marismas por augas superficiais, sempre e cando

as demandas dos municipios da comarca de El Condado de Huelva estean garantidas, así como os usos propios da bacía cedente e os caudais ecolóxicos das masas de augas superficiais situadas abaixo do punto de toma da bacía cedente, así como as situadas augas abaixo da zona receptora, tendo en conta os caudais mínimos, máximos, a distribución temporal, a taxa de cambio máxima e os caudais de crecida. As augas transvasadas só poderán ser destinadas á rega dos solos agrícolas regables determinados polo Plan especial de ordenación das zonas de regadío situadas ao norte da coroa forestal de Doñana. En ningún caso poderán destinarse as augas transvasadas á creación de novos regadíos fóra do ámbito do solo agrícola regable, nin á ampliación ou a modificacións de características dos existentes que impliquen un incremento da superficie en regadío en sistemas de explotación de recursos deficitarios, como é o caso da demarcación hidrográfica do Guadalquivir.

e) As infraestruturas asociadas a esta transferencia posibilitarán a protección e a recuperación do bo estado dos ecosistemas, a atención das demandas actuais e futuras de todos os usos e aproveitamentos da demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras, así como a distribución interna de recursos na dita demarcación.

f) Esta transferencia someterase ao principio de recuperación de custos, de acordo cos principios da Lei de augas e da normativa comunitaria. Os usuarios da transferencia quedan obrigados a aboar os canons de regulación, as tarifas de utilización de auga e aquelas exaccións que resulten de aplicación, correspondentes aos diferentes subsistemas de explotación e, en xeral, aquelas relativas ao uso das infraestruturas das cales poidan resultar beneficiados na bacía cedente ou receptora.

g) En aplicación do establecido no artigo 115 do texto refundido da Lei de augas (TRLA) e no artigo 311 do Regulamento de dominio público hidráulico (RDPH), para o pagamento de tales exaccións os organismos de bacía liquidarán todos os canons e tarifas vixentes ás comunidades que agrupan os usuarios das augas transferidas. En tal sentido, distinguiranse as infraestruturas existentes e as que sexa preciso construír. Para as primeiras, serán de aplicación o canon de regulación e a tarifa de utilización que se viña cobrando ata agora. As exaccións correspondentes non se liquidarán individualmente a cada usuario, senón á comunidade de regantes, unha ou varias que se creen para o efecto, e os canons cobraraos o organismo titular desas infraestruturas. Respecto das infraestruturas que, de ser o caso, sexa preciso construír para almacenamento e regulación, é obrigatorio que se constrúan na bacía receptora, e o organismo competente para a xestión e o cobramento das exaccións será aquel que soporte a súa construción.

h) Para acceder ao uso das augas transvasadas, os usuarios de abastecemento deberán solicitar ou modificar a concesión e os usuarios de regadío deberán cumprir coas determinacións establecidas no Plan especial de ordenación dos regadíos situados ao norte da coroa forestal de Doñana, sen prexuízo das limitacións da normativa específica e do disposto nos instrumentos de ordenación sectorial. Os títulos para o aproveitamento das augas transferidas, ben para abastecemento, ben para uso de regadío, outorgaraos a Dirección Xeral da Auga logo de instrución por parte da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

i) Esta transferencia manterá a súa vixencia mentres apareza consignada nos plans hidrolóxicos da demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras e na demarcación hidrográfica do Guadalquivir ou cando se modifique por lei.

j) Deberase garantir, en calquera caso, que a cesión ou a recepción das augas transvasadas non produce alteracións significativas do bo estado ecolóxico e químico das masas de auga da bacía receptora e da bacía cedente.

k) O transvasamento farase efectivo sempre e cando se determine a súa necesidade mediante un informe favorable de viabilidade ambiental, que deberá incluír unha análise de custos e beneficios sociais, ambientais e económicos, e unha vez aplicadas as medidas de xestión e de gobernanza previstas no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Guadalquivir, o Plan hidrolóxico da demarcación do Tinto, Odiel e Piedras, o Plan de ordenación dos regadíos situados ao norte da coroa forestal

de Doñana, o Plan de ordenación do territorio do ámbito de Doñana, o Plan de protección do corredor litoral de Andalucía, a normativa en materia forestal, agrícola e de augas, e calquera outra norma que resulte de aplicación.

O transvasamento farase efectivo cando se determine a súa necesidade mediante un informe favorable de viabilidade ambiental, onde se deberá incluír a análise de custos e beneficios sociais, ambientais e económicos, e sempre e cando se aplicasen previamente, e de forma acreditada, todas e cada unha das seguintes medidas, ás cales tamén se fará referencia detallada no informe:

1.º As medidas de xestión e gobernanza previstas no Plan de ordenación dos regadíos situados ao norte da coroa forestal de Doñana.

2.º As medidas de xestión e gobernanza previstas no Plan de ordenación do territorio do ámbito de Doñana.

3.º As medidas de xestión e gobernanza previstas no Plan de protección do corredor litoral de Andalucía.

4.º As medidas previstas na normativa sobre materia forestal, agrícola e de augas, así como calquera outra norma que resulte de aplicación.

l) Deberase garantir a calidade óptima e adecuada dos recursos hídricos destinados ao abastecemento dos municipios de El Condado de Huelva e ao regadío no ámbito de influencia do espazo natural protexido de Doñana. Para iso, controlaranse en todo momento os parámetros fisicoquímicos e biolóxicos das augas transvasadas.

m) Deberase garantir, en todo caso, que as augas transvasadas estean libres de contaminación de calquera orixe incompatible co uso agrícola e urbano, así como co bo estado ecolóxico dos ecosistemas que se poderían ver afectados.

3. A transferencia basearase nos principios de garantía das demandas actuais e futuras de todos os usos e aproveitamentos da bacía cedente, incluídas as restricións ambientais, sen que se poida ver limitado o desenvolvemento da dita bacía amparándose na previsión de transferencias. Atenderanse, ademais, os principios de solidariedade, sustentabilidade, racionalidade económica e vertebración do territorio.

Artigo 2. *Condicións ambientais.*

Co fin de poder determinar as repercusións ambientais das transferencias, someteranse a avaliación de impacto ambiental todos os proxectos de maneira individual e conxunta e, de ser o caso, plans e programas relativos a elas, tanto os afectantes á bacía cedente como á receptora, de conformidade co procedemento establecido pola normativa que resulte de aplicación.

Nos supostos en que a normativa de aplicación non prevea a avaliación de impacto ambiental para a transferencia, todos os proxectos relativos a ela se someterán á avaliación de impacto ambiental de maneira conxunta e a dita transferencia deberá cumprir as medidas preventivas, protectoras, correctoras e de compensación incluídas nas declaracións de impacto ambiental que se diten para o efecto.

Artigo 3. *Condicións de execución e explotación.*

As obras incluídas no anexo I desta lei decláranse de interese xeral do Estado para os efectos previstos nos artigos 44.2 do texto refundido da Lei de augas e 10 da Lei de expropiación forzosa, respecto da utilidade pública.

A declaración de interese xeral das obras incluídas no anexo I queda supeditada á aprobación do informe que xustifique a súa viabilidade económica, técnica, social e ambiental, e que inclúa un estudo específico sobre a recuperación dos custos.

A construción e explotación das infraestruturas desta transferencia farase polo mecanismo orzamentario, administrativo ou societario que resulte máis adecuado en cada caso, dentro dos que prevé o ordenamento xurídico vixente para a promoción de obras hidráulicas.

Artigo 4. *Regras de explotación e xestión da transferencia.*

1. O volume total transferido cada ano hidrolóxico á demarcación hidrográfica do Guadalquivir será atendido con recursos da demarcación do Tinto, Odiel e Piedras e garantirá as propias necesidades internas da demarcación cedente, conforme as determinacións da planificación especial de seca, as condicións hidrolóxicas existentes e de acordo co seu plan hidrolóxico.

2. Na demarcación receptora estableceranse uns valores de referencia para os consumos mensuais das augas transvasadas por usos e zonas da masa de auga. As subministracións a estas demandas non superarán os valores de referencia fixados e admitiranse desviacións ocasionais respecto destes valores sempre que a media interanual de desviacións non supere o total anual sinalado.

Logo de informe da Dirección Xeral da Auga e da Comunidade Autónoma de Andalucía, e nun prazo máximo de tres meses, mediante real decreto definiranse os valores mensuais dos consumos de referencia de augas transvasadas por usos e zonas de rega na demarcación de destino e as súas porcentaxes admisibles de desviación máxima ocasional; as dotacións máximas, que non poderán ser superiores ás establecidas pola planificación na bacía cedente para os mesmos cultivos; o cumprimento das condicións ambientais e caudais ecolóxicos, así como ao cumprimento, nas masas de auga afectadas, dos requisitos hixiénico-sanitarios establecidos na lexislación específica, e cantas circunstancias específicas deban ser consideradas para a súa completa definición. Para iso considerárase a información hidrolóxica dispoñible e respectaranse as determinacións da planificación hidrolóxica das diferentes demarcacións.

Os organismos de bacía competentes supervisarán tanto as subministracións mensuais aos usos, o cumprimento das condicións ambientais e caudais ecolóxicos, así como ao cumprimento nas masas de auga afectadas dos requisitos hixiénico-sanitarios establecidos na lexislación específica e as zonas de rega do transvasamento como os desencoramentos de referencia, e para o efecto poderán solicitar as comprobacións e xustificacións que xulguen oportunas, así como ordenar a execución dos medios técnicos que se requiran para iso.

Mediante real decreto determinarase a periodicidade da actualización de datos e o seu intervalo temporal, os formatos de presentación, o alcance mínimo dos valores históricos e os datos estatísticos que se deberán incorporar.

3. Mediante orde ministerial crearase unha comisión de xestión técnica da transferencia de recursos hídricos na cal estarán representados o ministerio con competencias en materia de augas, os organismos de bacía ou administracións con competencias en materia de augas na bacía cedente e na bacía receptora, así como os usuarios das ditas bacías hidrográficas.

Esta comisión de xestión técnica adoptará o seu propio regulamento interno de funcionamento, que deberá ser acorde, respecto do funcionamento dos órganos colexiados, co establecido para tales efectos na sección en primeiro lugar 3.2 do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Entre outras, prevese que desenvolva as seguintes funcións e tarefas:

a) A adopción de decisións sobre volumes máximos de auga que se transferirán desde a demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras á demarcación hidrográfica do Guadalquivir, en función das cambiantes circunstancias hidrolóxicas e tecnolóxicas, e a posterior utilización destes para atender a preservación do bo estado das augas e dos ecosistemas, das necesidades de abastecemento da comarca de El Condado de Huelva e de rega dos solos agrícolas que se establezan, en cumprimento do Plan de ordenación dos regadíos situados ao norte da coroa forestal de Doñana.

b) A emisión de informes, por petición do ministerio con competencias en materia de augas e do órgano competente en materia de aproveitamentos hidráulicos da Comunidade Autónoma de Andalucía, sobre a utilización dos volumes de auga transferidos e o destino destes, propoñendo, de ser o caso, medidas de actuación.

c) Coñecer, para efectos informativos, os canons, as tarifas e os gravames aplicables aos usuarios da transferencia de recursos hídricos.

d) A redacción dunhas normas de explotación do transvasamento nas cales se definan os volumes transferibles en función das circunstancias hidrolóxicas e das determinacións da planificación especial de seca da bacía cedente, que darán obxectividade ás decisións acordadas por aquela.

e) Calquera outra función que lle sexa encomendada por norma legal ou regulamentaria.

4. Na bacía receptora da transferencia será necesaria a constitución dunha xunta central de usuarios ou entidade representativa equivalente que representará os usuarios das augas transferidas ante as administracións hidráulicas en relación co presente transvasamento. Por cada zona de aplicación das augas transferidas constituirase, en caso de non existir previamente, unha comunidade ou agrupación de usuarios, que será a titular das concesións das augas transferidas e que, pola súa vez, se integrará na Xunta Central de Usuarios ou entidade a que se aludiu anteriormente. Os correspondentes estatutos establecerán previsións neste sentido, de acordo co establecido no artigo 81 e seguintes do texto refundido da Lei de augas.

Así mesmo, os estatutos da xunta central de usuarios conterán a relación dos aproveitamentos correspondentes ás comunidades integradas, con descrición das súas obras e das propias da comunidade xeral, así como as obras complementarias necesarias para conseguir o seu perfecto funcionamento. Entre as ditas obras quedarán incluídas todas as afectadas á transferencia, entre as cales se encontran:

– Bombeos, tubaxes e balsas desde a balsa do anel hídrico de Huelva ata a balsa de Lucena del Puerto, incluso esta última, ou outras infraestruturas de almacenamento ou regulación necesarias.

– Tubaxes e ramais que posibilitan a transferencia de recursos desde o encoro de El Corumbel ás poboacións da comarca de El Condado situadas na demarcación hidrográfica do Guadalquivir.

– Aquelas outras infraestruturas afectas á transferencia cuxo uso poida ser cedido ás comunidades de usuarios polas administracións públicas competentes ou polos seus organismos públicos asociados.

5. No caso de que a transferencia exixa o uso de infraestruturas de almacenamento ou regulación, estas dispoñeranse preferentemente na bacía receptora.

6. A programación dos transvasamentos realizarase en función da maior economía e racionalidade no uso do recurso, e para tal efecto poderanse empregar tanto as infraestruturas de nova creación como as existentes nas bacías afectadas. En todo caso, as infraestruturas asociadas a esta transferencia posibilitarán, en primeiro lugar, a atención ás demandas actuais e futuras de todos os usos e aproveitamentos da demarcación do Tinto, Odiel e Piedras, así como a distribución interna de recursos na dita demarcación.

Disposición adicional única. *Garantía de recursos superficiais na bacía cedente previstos na planificación hidrolóxica.*

As administracións estatal e autonómica priorizarán e axilizarán as obras e infraestruturas de regulación e de ampliación de recursos de augas superficiais previstas nos horizontes de planificación sucesivos, co obxecto de garantir as demandas actuais e futuras de todos os usos e aproveitamentos da bacía cedente, especialmente as presas e conducións de Alcolea, Coronada e a ampliación do bombeo de Bocachanza II.

Disposición transitoria única.

Desde a entrada en vigor desta lei ata a finalización das obras declaradas de interese xeral recollidas no anexo I poderanse utilizar as infraestruturas xa existentes para a transferencia de recursos amparados por esta lei.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto na presente lei.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) Acordo do Consello de Ministros, do 15 de febreiro de 2008, que autorizou unha transferencia de 4,99 hm³ anuais de auga desde a, daquela, bacía atlántica andaluza – actualmente bacía dos ríos Tinto, Odiel e Piedras– á bacía do Guadalquivir.

b) Acordo do Consello de Ministros, do 22 de maio de 2015, polo que se determinan as condicións de xestión ás cales se suxeitará a referida transferencia de pequena contía e se prevé a creación dunha comisión de xestión técnica.

c) Orde AAA/30/2016, do 18 de xaneiro, pola que se crea a Comisión de Xestión Técnica de transferencia de recursos hídricos desde a demarcación hidrográfica do Tinto, Odiel e Piedras á demarcación hidrográfica do Guadalquivir.

3. As referencias contidas en normas vixentes ás disposicións que se derogan expresamente deberán entenderse efectuadas ás disposicións desta lei que regulan a mesma materia que aquelas.

Disposición derradeira primeira. *Autorización para o desenvolvemento regulamentario.*

O Consello de Ministros e o titular do ministerio con competencia en materia de augas, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as normas regulamentarias que sexan precisas para o cumprimento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencia.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas recoñecidas ao Estado polo artigo 149.1.13.^a e 22.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO I

Obras que se declaran de interese xeral do Estado

Na demarcación do Tinto, Odiel e Piedras:

- Construción da presa Pedro Arco.
- Desdoblamento túnel San Silvestre.
- Desdoblamento de sifóns 4 e 5 da canle do Piedras en Huelva.
- Desdoblamento sifón Odiel, 2.^a fase.
- Desdoblamento do sifón pola marxe esquerda do Odiel ata a galería forzada.
- Aumento da capacidade de regulación dos depósitos de Huelva.
- Aumento da capacidade de regulación da balsa de regulación do anel hídrico.
- Aumento da capacidade de transporte do anel hídrico entre os depósitos de Huelva e a balsa de regulación do anel hídrico.

Na demarcación do Guadalquivir:

- Balsas de regulación e infraestruturas de distribución.
- Infraestruturas propias de transporte e regulación do transvasamento.

Para a realización destas obras realizarase un estudo específico sobre a recuperación de custos para dar cumprimento ao disposto no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.